

Cuarto.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Enderezo: Joaquín Planells, s/n.

Código do centro: 15021986.

Denominación: Centro privado Cruz Roja Española.

Titular: Asemblea Provincial Cruz Roja.

Composición resultante:

Familia profesional: sanidade.

1 ciclo formativo de grao medio de coidados auxiliares de enfermaría (1 unidade para 30 alumnos).

1 ciclo formativo de grao medio de farmacia (1 unidade para 30 alumnos).

1 ciclo formativo de grao superior de imaxe para o diagnóstico (2 unidades para 30 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de laboratorio de diagnóstico clínico (2 unidades para 30 alumnos/unidade).

Familia profesional: servizos socioculturais e á comunidade.

1 ciclo formativo de grao superior de integración social (1 unidade para 30 alumnos).

1 ciclo formativo de grao medio de atención socio-sanitaria (2 unidades para 30 alumnos/unidade).

*Orde do 21 de abril de 2005 pola que se convocan bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia, no curso académico 2005-2006.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, atribúelle a esta Comunidade Autónoma competencias plenas na regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades. A sustentación desta responsabilidade institucional foi efectuada no eido universitario por medio do Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro de 1988), de traspaso de funcións, medios e servizos na materia, pola que se lle transferiron á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade

Autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril). A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG), creou as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Unha das tarefas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a levar a cabo, determinada polo Estatuto de autonomía, pola Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG) e pola demanda da propia comunidade universitaria, é a de facilitar información relevante e actualizada sobre o sistema universitario de Galicia co seguinte apoio e asesoramento que precisen os estudantes universitarios.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, realiza desde hai algúns anos, unha política de asistencia económica aos estudantes universitarios. Esta política de asistencia económica ampliouse con novas convocatorias como a de axudas destinadas á colectividade galega no exterior e bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia.

Estas bolsas de colaboración, van destinadas aos alumnos do último curso de ensinanzas universitarias que acrediten bos expedientes académicos e desexen prestar a súa colaboración en departamentos universitarios, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, iniciándose así en tarefas de investigación directamente vinculadas cos estudos que estean a cursar, permitindo con isto o crecemento e a potenciación das tarefas investigadoras no sistema universitario de Galicia.

Esta consellería.

#### DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse bolsas de colaboración para o curso académico 2005-2006, destinadas a alumnos do último curso de ensinanzas universitarias, co obxectivo de realizar nas universidades do SUG tarefas de investigación de Galicia directamente vinculadas cos seus estudos.

Artigo 2º.-Orzamento e contía.

A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas disponibilidades económicas da consellería, coa seguinte distribución:

Aplicación	2005	2006
07.05.322C.480.2.	22.500 €	45.000 €.

A contía para percibir por beneficiario será de 300 euros mensuais, para devengar por cada mes de prestación da colaboración.

Artigo 3º.-Período de aproveitamento.

A duración máxima destas bolsas será de nove meses comprendidos entre outubro de 2005 e xuño de 2006. As axudas concedidas poderanse gozar durante ese mesmo período, e por unha soa vez.

En ningún caso o aproveitamento da bolsa de colaboración terá efectos xurídico-laborais entre o bolseiro, as universidades do SUG, e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 4º.-Requisitos dos solicitantes.

1. Poderán solicitar estas axudas e, de ser o caso, ser beneficiarios delas, os alumnos universitarios que reúnan os seguintes requisitos:

a) Non estar en posesión ou en disposición legal de obter o título académico de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

b) Matricularse no curso académico 2005-2006, en calquera das tres universidades que compoñen o SUG no último curso do 2º ciclo ou da totalidade das materias ou créditos que lle resten para rematar os seus estudos, excluindo do devandito cómputo o proxecto fin de carreira, e ter superado no momento da formalización da matrícula do curso 2005-2006 o primeiro ciclo e o 45 por cento dos créditos que integran o segundo, con excepción dos alumnos de medicina que deberán ter superado o 60 por cento.

c) Ser admitido nun departamento onde prestar a colaboración.

2. Estas axudas son compatibles co aproveitamento de calquera outro tipo de bolsas ou axudas, tanto de institucións públicas como privadas, agás con aquelas que teñan a mesma finalidade. Non poderán beneficiarse desta axuda aqueles que xa a gozasen en convocatorias anteriores.

#### Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. A solicitude, no modelo ED 430 B que se publica como anexo a esta orde, presentárase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos rexistros das súas delegacións provinciais, ou por calquera medio dos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, (BOE do 14 de xaneiro), para a presentación de instancias.

Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo presentárase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de certificarla.

A solicitude e documentación correspondente remitiranse á:

Dirección Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Edificio administrativo San Caetano s/n, 1º andar.  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 6º.-Documentación.

Á solicitude, segundo o modelo ED 430 B que figura no anexo I desta orde, xuntaráse a documentación seguinte:

a) Copia do DNI/NIF do solicitante.

Certificación académica completa ou copia compulsada desta en que se fará constar a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co establecido no artigo 8ª das bases da convocatoria.

b) Carta de aceptación do director do departamento receptor da colaboración.

c) Declaración xurada do solicitante de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou privadas competentes coa cal se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previo ao derradeiro pagamento.

d) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado, en que conste o número da conta do cliente e os códigos que identifican ao banco, a oficina, e o díxito de control.

#### Artigo 7º.-Tramitación.

Unha vez comprobado que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, expóranse as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas por documentación, sinalando as causas de exclusión; poderán ser consultadas na páxina web da Dirección Xeral de Universidades. ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)). Tamén se exporán nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións provinciais, e das vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas.

As devanditas listas estarán expostas desde o 20 ao 30 de xuño do 2005 (ambos os dous incluídos). Os interesados, durante ese mesmo prazo, poderán formular as reclamacións para emendar erros e faltas de documentos ante a Dirección Xeral de Universidades presentado, se é o caso, a documentación necesaria a través dos medios sinalados no artigo 5º desta convocatoria.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 8º.-Selección.

1. A selección farase tendo en conta a nota media simple calculada cos parámetros reflectidos no Protocolo de colaboración suscrito, con data 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG o día 23 de marzo de 2005 (Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005).

2. As solicitudes presentadas serán clasificadas segundo titulacións ou bloques de titulacións semellantes pertencentes a un mesmo ámbito científico.

3. Número de bolsas que se conceden, ata o límite orzamentario establecido, repartirase entre as solicitudes presentadas e clasificadas segundo o indicado no punto anterior.

4. A comisión avaliadora, en vista do número de solicitudes presentadas en cada ámbito científico, poderá adoptar as medidas necesarias para que non se produzan desaxustes no número de bolsas concedidas a cada ámbito.

#### Artigo 9º.-Comisión avaliadora.

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente:

O director xeral de Universidades ou, por delegación o subdirector xeral de Universidades.

Vogais:

Vicerreitor de Estudantes da Universidade da Coruña.

Vicerreitora de Estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Estudantes da Universidade de Vigo.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario:

Un funcionario da Dirección Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

Artigo 10º.-Resolución.

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 11º.-Beneficiarios.

Para o gozo efectivo desta bolsa, o alumno beneficiario deberá ter superado antes do comezo do curso 2005-2006 o primeiro ciclo, e polo menos, o 45 por cento dos créditos que integran o segundo, con excepción dos alumnos de medicina que deberán ter superado o 60 por cento deles.

Artigo 12º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os alumnos que sexan beneficiarios destas bolsas terán as seguintes obrigas:

a) Seguir durante o curso académico 2005-2006, por ensinanza oficial, os estudos en que se atopan matriculados.

b) Prestar a súa colaboración durante 3 horas diarias no departamento correspondente, desenvolvendo as actividades que se lle encomenden.

c) Someterse ás actuacións de comprobación precisas para verificar, se é o caso, o cumprimento e efectividade das condicións da concesión da axuda.

Artigo 13º.-Aceptación da bolsa e pagamento.

A axuda aboarase trimestralmente na conta bancaria indicada polo interesado, unha vez presentada, antes do día 10 de outubro de 2005, a seguinte documentación:

a) Declaración xurada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou privadas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

b) Certificación oficial da universidade na cal se faga constar que ten superado o 1º ciclo e o 45 por cento dos créditos do 2º ciclo (no caso de alumnos de medicina o 60 por cento). Así mesmo farase cons-

tar, na mesma certificación, as materias das que está matriculado no curso 2005-2006.

c) Certificado de incorporación ao departamento asinado polo director ou titor deste.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora, teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidesen asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Cuarta.-Para os efectos establecidos no artigo 10 do Decreto 287/2000 de 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), pola que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde, será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Quinta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE COLABORACIÓN NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, NO CURSO ACADÉMICO 2005-2006</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED430B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELLIDOS		NOME		DNI/NIF	
DATA E LUGAR DE NACEMENTO			ENDEREZO		
LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO					

**DATOS UNIVERSITARIOS**

<input type="checkbox"/> SANTIAGO DE COMPOSTELA <input type="checkbox"/> A CORUÑA <input type="checkbox"/> VIGO	FACULTADE _____ TITULACION _____ DEPARTAMENTO _____
---	---

ÁREA DE CONECEMENTO <input type="checkbox"/> CIENCIAS EXPERIMENTAIS E DA SAÚDE <input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS		<input type="checkbox"/> ENSEINANZAS TÉCNICAS <input type="checkbox"/> HUMANIDADES
--	--	---

**DATOS BANCARIOS**

ORDINAL BANCARIO	OFICINA	DÍXITO CONTROL	NÚMERO DA CONTA
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO	
LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> COPIA DNI/NIF DO SOLICITANTE. <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA, OFICIAL, OU COPIA COMPULSADA DESTA. <input type="checkbox"/> CARTA DE ACEPTACIÓN DO DIRECTOR DO DEPARTAMENTO.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE TODAS AS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA COS DATOS DO SOLICITANTE.
--	---

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de abril de 2005 pola que se convocan bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia, no curso académico 2005-2006.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

## CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Orde do 21 de abril de 2005 pola que se convoca o Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago para o ano 2005.*

O Camiño de Santiago, como canle de intercambio cultural e símbolo de entendemento entre pobos e culturas, constitúe desde o século IX ata os nosos días un referente de indubidable valor, hoxe aínda en maior medida se cabe, no marco da Europa comunitaria.

Grazas á adopción dunha serie de medidas encamiñadas á conservación, revitalización e promoción do Camiño de Santiago, asistimos na última década do século XX, a un novo renacemento da Ruta Xacobeá. Feito este referendado por recoñecementos como a designación de Gran Itinerario Cultural Europeo, ou o Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2004.

Neste sentido, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, no marco das súas competencias, co informe favorable do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago e o parecer da *Federación das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago* e outras entidades relacionadas co Camiño, creou por Orde do 27 de agosto de 1996 o Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago co fin de estimular o labor de persoas que, como Elías Valiña, considerado hoxe como un dos maiores revitalizadores do Camiño de Santiago, dedicaron gran parte da súa actividade á recuperación e promoción do Camiño de Santiago, levando a cabo tarefas de sinalización, limpeza, enumeración quilométrica, e incluso fomentando a creación de asociacións de amigos do Camiño que velen pola conservación das respectivas parcelas ao longo da Ruta Xacobeá.

O artigo 2 da mencionada orde establece que o premio terá carácter anual e será realizado por orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. No cumprimento deste mandato a Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, en uso das competencias conferidas polo Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro, que regula o desenvolvemento da estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, estima de grande interese a convocatoria deste premio para potenciar o labor de numerosas entidades na revitalización e promoción dos Camiños de Santiago.

Para tal fin,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca o Premio Elías Valiña 2005 ao

esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago co fin de recoñecer e recompensar os méritos de todas aquelas institucións, asociacións ou entidades culturais que dediquen unha parte significativa da súa actividade á revitalización e promoción do Camiño de Santiago, contribuíndo así ao coñecemento e divulgación do significado histórico, relixioso e cultural da Ruta Xacobeá.

Artigo 2º

O cobramento da contía deste premio, que será de 7.000 €, farase con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.353-D.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005.

Artigo 3º

1. Poderán ser candidatos ao premio as institucións, asociacións culturais, padroados ou fundacións que desenvolvan a súa actividade revitalizadora ou promocional tanto dentro como fóra de Galicia.

2. As candidaturas poderán ser presentadas mediante escrito dirixido á Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, edificio administrativo San Caetano, bloque 5, 15771 Santiago de Compostela. O prazo de presentación de candidaturas rematará o 30 de setembro de 2005. Deberá enviar un orixinal e dúas copias do traballo presentado e irán acompañadas dunha memoria que exporá a importancia e relevancia que a candidatura proposta tivo e/ou ten no desenvolvemento do labor revitalizador e promocional da Ruta Xacobeá.

Tamén poderán presentar candidaturas con acompañamento de igual memoria as entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

No caso de existir documentación suficiente presentada polas devanditas entidades nas dependencias da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, abondará a remisión da solicitude de aceptación da candidatura para ser válida esta, pero deberán especificar en virtude de qué actividades ou proxectos se consideran merecedores do premio.

3. O escrito de presentación da candidatura e a memoria á que fai referencia o parágrafo anterior ou, se é o caso, a proposta razoada ou a solicitude, serán presentadas no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ou en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nas condicións establecidas no devandito artigo.

Artigo 4º

O premio será outorgado por un xurado presidido polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social